

COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **16 de febreiro de 2023**

Ás 17.00 horas do día 16 de febreiro de 2023, reúnese a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D.^a Luz Doporto Real

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D.^a Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

Deputado de Democracia Ourenzana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado do Grupo Popular don César Manuel Fernández Gil (substituído por dona Ana María Villarino Pardo).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 18 DE XANEIRO DE 2023.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de xaneiro de 2023.

Non se producen intervencións e por maioría a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 18 de xaneiro de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A MELLORA DOS SERVIZOS E EQUIPOS DE DEPENDENCIA DA PROVINCIA DE OURENSE .

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, dá lectura á moción.

D. Bernardo Varela López, do BNG, destaca que todos vivimos ou o viviremos en carne propia este problema. Identifícase coa tardanza, e sinala que no seu propio caso tardou en facer a petición para que se valoren aos nosos maiores. En Galicia temos un afán de protección familiar, e a valoración tamén tarda. No seu caso, tras máis de catro meses cando xa falecera o seu pai, aínda lle pedían un papel, e iso non debería ser. Pero nos retraemos en facer a petición para que se valore aos nosos maiores. Polo demais coincide co obxecto da moción. Temos unha poboación moi avellentada e temos unha taxa de peticións das valoracións moi baixa e tardamos máis que outros sitios onde hai máis peticións. Destaca que en Allariz temos un centro de día pero mentres non temos a valoración non podes ir aínda que o fagas pagando. E desbaratamos recursos, temos recursos ociosos. Se hai prazas dispoñibles deberían permitilo. Está moi de acordo co primeiro punto da moción xa que se debe instar á Xunta de Galicia, responsable dos servizos sociais para que cre os servizos necesarios. Pero co segundo punto non está de acordo, xa que asumiríamos os concellos ou a Deputación algo que lle corresponde á Xunta de Galicia que ten moitos máis recursos que nós. Ocorre por exemplo cando nos facemos cargo da limpeza dos colexios ou da limpeza dos PAC. Non se lle deben cargar máis recursos á administración local, debemos instar á Xunta para que o faga. Discrepa neste segundo punto e lle gustaría que o meditasen. É tan absurdo como o tema dos animais que acabaremos tendo que asumir os concellos, ter un veterinario cando non temos médicos. Os concellos non temos medios nin recursos. Esas novas xestións deben vir acompañadas dos recursos necesarios. destaca o envellecemento da poboación na provincia de Ourense que é preocupante. Recalca que isto debe ser cousa da administración autonómica xa que é a súa competencia.

A presidenta da comisión responde que está de acordo coas verbas do compañeiro do BNG respecto ao punto un. Respecto ao punto dous, lembrar que desde a Deputación de Ourense xa se está cumprindo co programa BENOURENSE persoal técnico. Fai unha reflexión, que non xustifica a gran lista de agarda que temos para as valoracións de dependencia, pero non temos conciencia de iniciar os expedientes de valoración ata que realmente é inminente a necesidade. Destaca que é chocante que no programa BENOURENSE persoal técnico, hai concellos que non utilizan optimamente este servizo como por exemplo O Barco de Valdeorras ou Verín renuncian aos técnicos que dende aquí se subvencionan. Pero é un problema estrutural e non podemos recargar á Deputación, é un problema que se ten que resolver dende o goberno do Estado e a Comunidade Autónoma. A Deputación xa cofinanza. Reservan o voto para estudar os argumentos que presentan con máis profundidade.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, matiza que concorda co fondo da cuestión, e destaca que é inasumible, que tarde un ano en facerse a valoración dun dependente. Fai consideracións sobre facer de forma preventiva a valoración, xa que tarda un ano, é iso é excesivo. Sobre o segundo punto sobre o que hai discrepancia, destaca que é competencia da Xunta de Galicia pero non hai atención nos concellos, pero lle corresponde á Xunta de Galicia. A Deputación a través dos técnicos da Deputación non é unha solución, é unha mínima achega.

A presidenta da comisión, destaca que no Concello de Taboadela, nalgún momento puntual, foi a traballadora social da Deputación, que está rotando, axilizou moitos procesos e vostede manifestou o agradecemento e a boa valoración do servizo prestado. Dende a Deputación de Ourense damos o servizo. Destaca que o problema é estrutural, que estamos na provincia máis avellentada da nosa Comunidade e temos un problema grande e facer unha política preventiva é importante e se facemos a tramitación agora cando chegue a necesidade en vez de esperar un ano esperaremos menos.

D. Bernardo Varela López, do BNG, destaca que hai un tema cultural que somos remisos a facer a valoración pero iso non xustifica a tardanza. Destaca que a subvención dá para unha parte. Pero se temos unha persoa de baixa costa iso e outro salario máis. Non debemos crear unha superestrutura. Destaca novamente que isto é cousa das administracións autonómicas, e os concellos non debemos acabar facendo de todo, e non facemos o que é cousa nosa.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3), e a abstención do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- A Deputación Provincial de Ourense insta á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, a incrementar os equipos de valoración de dependencia de xeito significativo, así como os equipos dos servizos sociais comunitarios, para reforzar o sistema, permitindo incrementar o número de solicitudes ás axudas para a dependencia, considerando que Galicia é a comunidade autónoma que menor número de solicitudes rexistra do país.

2º.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a que financie, ou polo menos cofinancie, a constitución de equipos multidisciplinares de intervención psicosocial nos municipios de menos de 20.000 habitantes da provincia, para atender as demandas e necesidades psicolóxicas e sociais da poboación de máis idade.

3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A presidenta da comisión responde ás preguntas formuladas na pasada comisión. Unha feita por dona Elvira Lama sobre o plan piloto en 2017-2018, denominado Revivenda, do que foron beneficiarios os concellos da Veiga e Oímbra. Indica que foron subvencións nominativas nas que as liñas de actuación foron axudas directas aos propietarios para adecuación de vivendas quedando sometidas a un prezo de arrendamento por debaixo do mercado. O expediente está á súa disposición en transparencia cando o queiran ver. A outra pregunta de dona Margarita Fernández sobre as descargas e sobre as veces que se utilizou o botón do pánico na aplicación Vou contigo, dende o servizo de Transparencia da Deputación me indicaron que, sobre as veces que se pulsou o botón do pánico, é algo ao que non podemos ter acceso, xa que é unha App entre dispositivos móbiles persoais e non depende de nós, e o número de descargas non chega ás duascenas descargas. Estamos preparando un programa de visibilización para colexios que están chamando. Recentemente un colexio rural da nosa provincia se puxo en contacto con nos e se lle indicou como facer a instalación. Nos piden información para ter accesibilidade dende os concellos, CIM, dende os centros de saúde, para ver como funciona o aplicativo.

D. Bernardo Varela López, do BNG, indica que na modificación orzamentaria que se trouxo onte a aprobación figura un millón de euros para crear unha aplicación contra o illamento da poboación maior. E pregunta se nos podía adiantar como vai ser isto.

A **presidenta da comisión** di que non é unha App, ni nada parecido será un sistema revolucionario de teleasistencia avanzada, verase no seu momento, estamos traballando nese proxecto. Será unha forma de achegarnos á nosa cidadanía. Unha teleasistencia avanzada do século XXI. Por agora está sen desenvolver.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, pregunta sobre en que consiste o plan de visibilización do Voucontigo.

A **presidenta da comisión** responde que serán dípticos explicativos, como descargalos e o funcionamento. Verá que é sinxelo de utilizalo. Os rapaces máis pequenos temen que os vixien esaiban onde están en todo momento. E temos que explicar que non se pode xeolocalizar ata que marcamos un percorrido. Pasa igual coa aplicación de vítimas de violencia de xénero que son remisas a ter conectado este dispositivo. A nosa App serve de alerta, que podes enviar incluso en casos de accidentes, caídas, é unha alerta que ti mandas cando o precisas e serve para todo. Pero é un proceso de maduración e temos que explicalo ben.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, pregunta se se vai a mandar a todos os colexios.

A **presidenta da comisión** responde que se remitirá a todos colexios, aos concellos, e a través destes a asociacións veciñais, CIM, mancomunidades, para que se divulgue e fomenta. É unha aplicación da Deputación pero é unha aplicación que salva vidas. É moi sinxela de usar, respecto a outras App de pago. Engade que ela a probou persoalmente e funciona moi ben. Gustaríalle que a descarguen e que a proben.

E, ás 17.35 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

